



## Guía do curso

# PRODUTIVIDADE E CREATIVIDADE NA NUBE CON CANVA

Cuarta edición. Curso 2025/26

# DESCRIPCIÓN DO CURSO

A nube é unha tecnoloxía en liña que permite almacenar, compartir e acceder aos teus arquivos en calquera momento e lugar, sen necesidade de hardware especial ou software instalado. A través deste curso, descubrirás como a nube pode mellorar a túa produtividade e creatividade e como Canva é a ferramenta perfecta para aproveitares ao máximo esta tecnoloxía en liña.

Descubrirás como usar Canva para crear imaxes, infografías, documentos, presentacións e vídeos visualmente atractivos, sen necesidade de experiencia previa en deseño. Aprenderás a planificar e xestionar os teus proxectos de deseño, traballar en equipo en liña e usar as ferramentas de colaboración e almacenamento na nube para mellorar a túa eficiencia. Ademais, coñecerás as técnicas básicas do deseño gráfico en Canva e como aplicalas a través de exemplos prácticos e exercicios. Con este curso, terás as ferramentas necesarias para crear deseños de alta calidade, traballar de forma máis eficiente en equipo e aumentar a túa creatividade.

## PERSOA TITORA



Iago Porto

[iagoporto@galicia.ccoo.es](mailto:iagoporto@galicia.ccoo.es)

## DURACIÓN, DATA DE INICIO E DE FIN

50 horas. Do 15 de abril ata o 7 de xuño de 2026.

## REQUISITOS MÍNIMOS

- Coñecementos básicos de informática: capacidade para usar un navegador web, realizar buscas en internet e xestionar arquivos (subir, descargar, gardar, etc.).
- Un ordenador é esencial. Canva tamén funciona en tabletas e teléfonos, aínda que un ordenador vai ofrecer unha experiencia máis completa.
- Unha conexión estable a internet é necesaria para acceder a Canva, xa que é unha ferramenta baseada na nube.
- Navegador web actualizado: Chrome, Firefox, Safari, Edge ou Opera. Tamén é posible (e recomendado) traballar desde a aplicación de escritorio, dispoñible para Windows e Mac. Canva tamén conta con app para Android e iOS.
- Unha conta de Canva para educación, gratuíta para docentes. Esta conta crearase, seguindo un tutorial, no módulo 0 do curso. Se dispós dun correo corporativo @edu.xunta.gal, o proceso será automático. Se non dispós del, verifica os [requisitos para acceder a Canva para educación](#).

- Unha conta na plataforma de teleformación de CCOO Ensino, que se che proporcionará unha vez se formalice a matrícula no curso.
- E, por último, ganas de explorar e experimentar cunha nova ferramenta!

# MÓDULOS. DESCRICIÓN, OBJECTIVOS E AVALIACIÓN

## Módulo 0. Preparándote para aprender: benvida ao curso e configuración de Canva (2 horas)

Do 15 ao 19 de abril de 2026

Este módulo introdutorio é a túa primeira parada no curso de Canva. Comezaremos coas presentacións das persoas participantes e ofreceremos unha breve visión xeral do curso. A continuación, aprenderás a crear unha conta en Canva e a facer a configuración básica da túa conta.

### Obxectivos

- Presentarte ao grupo de participantes e obter unha visión xeral do curso
- Crear unha conta en Canva e acceder á interface de usuario
- Configurar a conta de Canva coas túas preferencias de idioma, notificacións e información de perfil

## Módulo 1. Domina Canva en poucos minutos (5 horas)

Do 20 ao 26 de abril de 2026

Neste módulo descubrirás como navegar pola interface de usuario de Canva e como acceder aos seus recursos de axuda. Aprenderás tamén os conceptos básicos e comezarás a crear os teus propios deseños.

### Obxectivos

- Explorar a interface de usuario e a disposición das ferramentas de deseño en Canva
- Acceder aos recursos de axuda de Canva e aprender a solucionar problemas comúns
- Identificar as funcionalidades e as ferramentas de deseño básicas en Canva
- Crear o primeiro deseño en Canva

## Módulo 2. Crea deseños impactantes en Canva (5 horas)

Do 27 de abril ao 3 de maio de 2026

Neste módulo descubrirás o proceso de creación de deseños en Canva. Aprenderás a elixir modelos, organizar a páxina e traballar con capas. Por último, aprenderás a gardar e exportar os teus deseños.

### Obxectivos

- Explorar os diferentes modelos e deseños dispoñibles en Canva
- Organizar os obxectos na páxina
- Traballar con capas
- Exportar e gardar deseños en diferentes formatos

## Módulo 3. Dálle vida ás túas imaxes con Canva (7 horas)

Do 4 ao 10 de maio de 2026

Neste módulo aprenderás a traballar con imaxes en Canva para crear deseños espectaculares. Descubrirás como recortar, redimensionar e editar imaxes, así como a aplicar filtros e efectos para crear imaxes impactantes.

### Obxectivos

- Traballar con imaxes en Canva, incluíndo a súa edición, recorte e redimensionamento
- Utilizar filtros e efectos para mellorar a aparencia das imaxes
- Incorporar imaxes en deseños e crear efectos visuais impactantes

## Módulo 4. Utiliza tipografía e elementos para crear deseños con estilo en Canva (7 horas)

Do 11 ao 17 de maio de 2026

Neste módulo aprenderás a utilizar a tipografía e os elementos de deseño en Canva para crear deseños con estilo e personalidade. Descubrirás como elixir fontes, utilizar paletas de cores personalizadas, combinar tipos de letra e utilizar formas, gráficos e ilustracións para mellorar a aparencia dos teus deseños. Tamén aprenderás a utilizar táboas en Canva.

### Obxectivos

- Identificar diferentes fontes e saber como elixir a mellor para cada proxecto de deseño
- Personalizar a tipografía (tamaño, cor, atributos, aliñamento, espazado, efectos)
- Utilizar elementos como formas, gráficos e ilustracións para mellorar a aparencia dos deseños
- Crear e personalizar táboas
- Combinar tipografía, paletas de cores e elementos de deseño para crear unha aparencia coherente e atractiva

## Módulo 5. Traballa en equipo con Canva (7 horas)

Do 18 ao 24 de maio de 2026

Neste módulo aprenderás a utilizar Canva para traballar en equipo. Descubrirás como compartir deseños e colaborar en tempo real con compañeiros e compañeiras. Tamén afondarás na capacidade de Canva para crear e xestionar equipos de traballo. Por último, aprenderás a organizar proxectos en cartafoles, co obxectivo de mellorar a colaboración e a eficiencia no traballo en equipo.

### Obxectivos

- Comprender como compartir e colaborar en proxectos de Canva
- Identificar as ferramentas e funcionalidades de colaboración dispoñibles en Canva
- Traballar de forma efectiva con compañeiros e compañeiras de equipo en proxectos de deseño
- Crear e xestionar equipos en Canva
- Organizar proxectos en cartafoles

## Módulo 6. Crea presentacións efectivas con Canva (8 horas)

Do 25 ao 31 de maio de 2026

Neste módulo aprenderás a utilizar as ferramentas e características de Canva para crear presentacións impactantes e visualmente atractivas. Descubrirás como deseñar diapositivas profesionais, utilizar modelos personalizables e aproveitar os recursos multimedia dispoñibles en Canva para captar a atención da túa audiencia e transmitir as túas ideas de forma efectiva.

### Obxectivos

- Explorar as funcionalidades de Canva para a creación de presentacións
- Deseñar presentacións atractivas utilizando modelos e elementos gráficos
- Incorporar imaxes, vídeos e elementos multimedia nas presentacións
- Utilizar animacións e transicións de páxina

## Módulo 7. Domina técnicas avanzadas de deseño en Canva (9 horas)

Do 1 ao 7 de xuño de 2026

Neste módulo descubrirás técnicas e funcionalidades de deseño máis avanzadas en Canva. Aprenderás a utilizar a intelixencia artificial incluída en Canva e a traballar con animación e vídeo para crear deseños espectaculares.

### Obxectivos

- Utilizar as ferramentas de intelixencia artificial incluídas en Canva para mellorar a creatividade
- Incorporar animación e vídeo en deseños de Canva para crear efectos visuais espectaculares

# METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

O curso impártese na plataforma de teleformación de CCOO Ensino, que opera co software Moodle.

Cada módulo do curso está deseñado para proporcionar os coñecementos e habilidades esenciais relacionados co tema do que trata. Polo tanto, é preciso que consultes activamente os materiais proporcionados. O contido dos módulos irase mostrando progresivamente a medida que o curso avance.

Do mesmo xeito, cada módulo ten actividades avaliáveis que terás que entregar, dentro dos prazos establecidos. Cada actividade valórase nunha escala de 0 a 10 puntos. Para superar o curso requírese unha nota media, ponderada en función do peso de cada actividade, superior a 5 puntos. Se unha tarefa non acada os 5 puntos, poderá enviarse de novo, cun máximo de tres intentos.

A continuación podes consultar a táboa en que se detallan as actividades, a súa ponderación específica e as respectivas datas de entrega.

Actividade	Ponderación	Data de entrega
<b>Módulo 0 (2 horas)</b>		
<b>Actividade 0.1. Crea unha conta de Canva para Educación e fai a configuración básica</b>	4 %	19 de abril de 2026
<b>Módulo 1 (5 horas)</b>		
<b>Actividade 1.1. Explorando Canva. Ferramentas e funcionalidades básicas</b>	10 %	26 de abril de 2026
<b>Módulo 2 (5 horas)</b>		
<b>Actividade 2.1. Construindo un futuro máis verde: crea unha imaxe para as redes sociais sobre o cambio climático</b>	5 %	3 de maio de 2026
<b>Actividade 2.2. Da teoría á práctica: transforma a túa aula con deseños cativadores</b>	5 %	3 de maio de 2026

Actividade	Ponderación	Data de entrega
<b>Módulo 3 (7 horas)</b>		
<b>Actividade 3.1. Creando imaxes impactantes para promover a adopción de animais de refuxio</b>	7%	10 de maio de 2026
<b>Actividade 3.2. Creando mundos educativos con Canva: unha viaxe visual</b>	7%	10 de maio de 2026
<b>Módulo 4 (7 horas)</b>		
<b>Actividade 4.1. Deseña unha infografía sobre metodoloxías activas na aula</b>	7%	17 de maio de 2026
<b>Actividade 4.2. Horarios que falan: deseña e organiza a túa semana en Canva</b>	7%	17 de maio de 2026
<b>Módulo 5 (7 horas)</b>		
<b>Actividade 5.1. Traballa con proxectos compartidos en Canva</b>	14%	24 de maio de 2026
<b>Módulo 6 (8 horas)</b>		
<b>Actividade 6.1. Desenvolve unha presentación creativa para enriquecer as túas clases</b>	16%	31 de maio de 2026
<b>Módulo 7 (9 horas)</b>		
<b>Actividade 7.1. Crea un vídeo educativo en Canva</b>	18%	7 de xuño de 2026

# COMUNICACIÓN

Hai dispoñibles varios medios de comunicación: un foro de comunicación xeral e, ademais, un foro específico en cada módulo. Estes foros serven para facilitar a interacción tanto co titor como co conxunto de participantes. Así mesmo, a plataforma ofrece un sistema de mensaxaría interna. Como opción final, tamén é posible que contactes co titor a través do correo electrónico.

## LICENZA DE USO

Os contidos do curso están publicados baixo a licenza [Creative Commons 4.0 Atribución-Compartir igual](#), que recolle as seguintes condicións:

- Liberdade de copiar e redistribuír o material en calquera medio ou formato
- Liberdade de remesturar, transformar e recrear sobre o material, distribuindo as modificacións coa mesma licenza ca orixinal
- Obriga de dar o recoñecemento apropiado, fornecer un vínculo á licenza e indicar se se fixeron cambios

## COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE

- Área 2: contidos dixitais
  - 2.1. Busca e selección de contidos dixitais: **A2**
  - 2.2. Creación e modificación de contidos dixitais: **A2**
  - 2.3. Protección, xestión e compartición de contidos dixitais: **A2**
- Área 3: ensino e aprendizaxe
  - 3.3. Aprendizaxe entre iguais: **A2**

